

### **INFORMACIÓN A TER PRESENTE:**

- A linguaxe é o instrumento de comunicación máis importante que temos os seres humanos. Porén, o seu axeitado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e das accións do nen@, para estruturar e regular a súa personalidade, o comportamento e a relación cos demais.
- O entorno do nen@, e en especial a súa familia, sodes o contexto clave, decisivo e insubstituíbel para a estimulación e desenvolvemento da comunicación e a linguaxe.

### **PAUTAS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE INFANTIL**

- Falar co nen@ sen gritar, despazo, con frases comprensibles e directas, ben ordenadas.
- Falar pronunciando axeitadamente as palabras, sen deixalas a medias.
- Estimulalos a que falen con frases completas, non con palabras soltas. Se non é quen de facelo, repete por el correctamente o que quere dicir.
- Se o vos@ fill@ non pronuncia ben ou non constrúe oracións correctamente, debes repetirle amodo e axeitadamente o que quere dicir, así escoitará como se

fai, pois os adultos que o rodean (pai, nai, avós, profesores...) son o referente a seguir.

- Tentar que repita a palabra/frase correctamente, se o fai ben: eloxiarémol@, pero se non o fai non insistir ata outra ocasión.
- En nen@s que teñen dificultades para comunicarse ou pronunciar, en ocasións sería convinte facer como sen non entendérades para así, desencadear un esforzo por comunicarse mellor.
- Lédlle contos e historias, xa que é unha forma moi eficaz de ensinalles un modelo correcto de como se constrúen oracións e diferentes formas verbais.
- Facer xogos de rematar frases.
- Escoitade con atención o que vos conte sobre a súas experiencias.
- Non tratedes de imitar a súa fala infantilizada, isto prexudicaráo. Falarlle sempre como adultos.
- Ensinarlle o nome correcto dos obxectos, comezando polos máis familiares (cores, obxectos da casa, animais...)
- Aproveitade todas as ocasións para ensinarlle o nome das cousas. Por exemplo, a visita ao supermercado é unha boa ocasión para aprender nomes de froitas,

verduras e demais produtos.

- Xogade con eles a construír oracións a partir dunha palabra, máis tarde de dúas...
  - Ensinádelle progresivamente a responder a estas preguntas: *¿que? ¿como? ¿onde? ¿por que?*
- 

### **XOGOS PARA ESTIMULAR A LINGÜAXE:**

Vexo-vexo, cancións, lotos fonéticos, adiviñas, retailas, xogo "¿Quién es quién?", xogo de palabras "Ahorcado", narración de acontecementos, xogos que reproduzan actividades da vida cotiá, xogos de imitación...

Enlaces de interés para o xogo:

#### **Motricidade bucofacial:**

- ❖ [https://www.youtube.com/watch?v=g\\_Is2wh1xIw](https://www.youtube.com/watch?v=g_Is2wh1xIw)
- ❖ <https://www.youtube.com/watch?v=9d8JZkQXyuw>

#### **Discriminación acústica y vocabulario:**

- ❖ <https://www.youtube.com/watch?v=cg0u5TyDkoo>
- ❖ <https://www.youtube.com/watch?v=4o-iaWdzkw>
- ❖ <https://www.youtube.com/watch?v=o6TokVbToyw>
- ❖ <https://www.youtube.com/watch?v=yX2muaO9BEw>

# PAUTAS PARA ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE INFANTIL

